



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA-URXENTE DO 28 DE AGOSTO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á orde de continuidade do contrato administrativo para a xestión por concesión administrativa do servizo público das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas. (CON/105/2012). Apróbase a orde de continuidade do contrato de xestión das escolas infantís municipais de Conxo e das Fontiñas (CON/105/2012), cuxa prestación finalizaba, en principio, o 31 de agosto; ata que se produza unha nova adxudicación do contrato cunha licitación actualmente en preparación (o canon anual, acordado no contrato de data 30 de agosto de 2016, é de 388.799,21 euros).

3.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á gratuidade de segundos/as fillos/as e sucesivos/as nas escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2020-21. Acórdase establecer e aplicar a gratuidade do 2º fillo/a e sucesivos ás persoas usuarias das escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños a partir do curso 2020/2021.

4.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á prórroga do contrato de xestión do servizo de escola infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños. Apróbase a prórroga da xestión do servizo da Escola Infantil municipal de Meixonfrío-Salgueiriños por un ano: desde o 1 de setembro de 2020 ata o 31 de agosto de 2021, **por un importe de 400.674,34 euros** divididos en dúas anualidades: do 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2020, 133.558,18 euros; e do 1 de xaneiro ata o 31 de agosto de 2020, 267.116,16 euros.

5.- Dar conta informe Secretaría relativo ao peche dos establecementos de ocio nocturno. Dase conta do informe no que se enumeran as seguintes conclusións:

1ª. Desde as 00:00 horas do 17 de agosto de 2020, como medida de prevención e loita contra o covid-19, está suspendida totalmente e sen excepción de ningún tipo a actividade de discotecas, pubs, salas de festas, cafés- espectáculo e salas de concertos que desenvolvan a súa actividade de xeito análogo ás anteriores.

2ª. A modificación da categoría dunha actividade recreativa ou espectáculo público que se desenvolva nun establecemento ten a consideración de modificación substancial da actividade e esixe a presentación dunha declaración responsable e da documentación precisa da prevista no apdo. 2 do art. 40 LECE.

O establecemento no que se pretenda desenvolver a actividade da nova categoría deberá cumprir a normativa vixente no momento da presentación da declaración responsable que

resulte de aplicación a esa actividade e incumprir esta previsión poderá determinar a ineficacia da declaración responsable e a imposibilidade de continuar desenvolvendo a actividade, previa tramitación do procedemento correspondente e con audiencia ao interesado .

3ª. Un establecemento pode desenvolver un actividade recreativa ou espectáculo público adicional ou complementario a aquel para o que dispón de título habilitante, nos termos regulados no Decreto 124/2019, do 5 de setembro, e na Ordenanza municipal de ruídos.

Para o válido exercicio desas actividades adicionais ou complementarias deberá presentar unha declaración responsable nos termos previstos no art. 40 LECE e achegar os documentos detallados nese precepto, na LEPAR e, no seu caso, na Disposición Transitoria 3ª da Ordenanza municipal de ruídos.

O incumprimento das previsións expostas poderá determinar a ineficacia da declaración responsable e a imposibilidade de continuar desenvolvendo a actividade complementaria ou adicional, previa tramitación do procedemento correspondente e con audiencia ao interesado.